

Adaptación da programación 2019/2020

**CENTRO: CEIP APÓSTOLO SANTIAGO
CURSO: 4º EDUCACIÓN PRIMARIA
DATA: 13/05/20**

ÍNDICE

1. ÁREAS DE CIENCIAS, LINGUAS, MATEMÁTICAS E VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.

2. ÁREA DE INGLÉS.

3. ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.

4. ÁREA DE MÚSICA.

5. ÁREA DE PLÁSTICA: ARTS

6. ÁREA DE RELIXIÓN.

PROGRAMACIÓN DA TERCEIRA AVALIACIÓN DE 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

INTRODUCCIÓN:

Dadas as condicións especiais que estamos a vivir, vémonos na obriga de facer modificacións na programación que tiñamos a comezo do curso.

METODOLOXÍA

Plantexaremos actividades na aula virtual, encamiñadas á consecución dos estándares de aprendizaxe da programación, que os nenos poderán mandar resoltos á citada aula, ou ao meu correo electrónico, e que contestaemos e aclararemos dudas que poidan xurdir. Realizaremos reunións virtuais, mediante webex, que nos permitirá ter un tratamento máis directo e personalizado co noso alumnado.

Na páxina web, propoñemos uns retos, divertidos, que nos permiten ter maior contacto cos nenos e as nenas.

En todas as actividades, teremos en conta a igualdade de xénero, a defensa da lingua galega e a conservación do medio ambiente.

Todo encamiñado á consecución das Competencias Clave.

Esta é unha situación excepcional, e algún neno/a non ten ordenador para seguir as actividades na aula virtual, e mandámosllas impresas. Algún máis tarde conseguiu un, e xa as pode seguir coma todos. Neste sentido, tamén tivemos a colaboración do Secretariado Xitano.

ACTIVIDADES:

Coas actividades que propoñemos reforzaremos contidos traballados na 1º e 2º avaliación, e á consecución dos estándares da programación.

Actividades, que sexan significativas, e relacionadas co entorno e coa vida cotiá dos nenos e nenas.

- Realización de problemas de compras, vendas, gastos...
- Fichas de operacións, sumas, restas, multiplicacións e divisións, de números naturais, e decimais
- Poñer algúnhas cantidades en números romanos.
- Escritos en galego e castelán de contos, narracións de feitos, reais ou imaxinarios, comics...
- Lectura comprensiva, e contestar a algún cuestionario sinxelo, sobre o texto.
- Anuncios, receitas, opinión sobre algún feito... e facer un debuxo.

- Pequenos traballos de investigación, moi sinxelos, como buscar información sobre Ricardo Carvalho Calero.

Desde o Departamento de Orientación, tamén se propoñen actividades para os nenos que reciben apoio por parte das mestras de PT e/ou AL. E os que acoden ao programa Reforza-t

Celebraremos o día das letras galegas, dedicado a Ricardo Carvalho Calero e o do día do medio ambiente, que nos servirán como centros de interés á hora de plantexar as actividades.

AVALIACIÓN:

Como se acordou na reunión realizada do profesorado, farase media, entre a primeira e segunda avaliación e teranse en conta os traballos realizados na aula virtual, e/ou outros medios propostos no correo electrónico, ou na páxina web, para subir a nota.

CIENCIAS DA NATUREZA

Criterios de Evaluación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obténda de forma oral e escrita. ▪ CNB1.1.2. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira organizada. ▪ CNB1.1.4. Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno por medio da observación para obter unha información.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento. 	CNB2.1.1. Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do corpo. <ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.1.2. Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso. ▪ B2.3. Diseñar un menú equilibrado para a súa idade. ▪ B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CNB2.2.1. Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación saudable. ▪ CNB2.3.1. Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais. ▪ CNB4.1.2. Explica algunhas características e propiedades do aire e as consecuencias da súa contaminación.

CIENCIAS SOCIAIS

Criterios de Evaluación	Estándares de aprendizaxe
-------------------------	---------------------------

<p>B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación dos resultados</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. ▪ CSB1.1.3. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Explicar que é o tempo atmosférico, coñecer os instrumentos de medida, o seu uso, realizar medicións e interpretacións de gráficos a través dos datos recollidos nunha estación meteorolóxica de cara a facer unha predición do tempo atmosférico para un período de tempo determinado e a comunicación deste empregando mapas do tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.5.1. Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan e fai medicións, interpretacións de datos e predicións do tempo atmosférico.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible a través da realización dunha campaña de concienciación no centro educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.9.1. Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste. ▪ CSB2.9.2. Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Coñecer a organización territorial do Estado español e os seus órganos de goberno básicos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.3.1. Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.4.1. Recoñece, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.1.1. Define o concepto de prehistoria e historia, asociándoa as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final. ▪ CSB4.1.2. Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandería, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas.
---	--

LINGUA CASTELÁ	
Criterios de Evaluación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de outras persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.9.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para recoller información. ▪ LCB1.9.3. Resume de forma global entrevistas, noticias e debates infantís procedentes dos medios de comunicación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.1.1. Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.2.2. Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Utilizar estratexias para a comprensión de textos sinxelos de diversa tipoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.3.2. Identifica as palabras clave dun texto. ▪ LCB2.3.4. Relaciona de xeito global, a información contida nos gráficos e ilustracións coa información que aparece no texto.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas.... ▪ LCB3.1.2. Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. ▪ B3.5. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produ-

	<p>ción escrita dos seus compañeiros.</p> <ul style="list-style-type: none"> LCB3.5.2. Elabora con creatividade textos breves do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.
--	---

LINGUA GALEGA	
Criterios de Evaluación	Estándares de aprendizaxe
<p>B1.2. Utilizar de xeito guiado documentos audiovisuais valorándoos como instrumento de aprendizaxe</p>	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.2.1. Accede de xeito guiado a documentos, audiovisuais e dixitais para obter a información necesaria para realizar traballos ou completar información.
<ul style="list-style-type: none"> B1.11. Usar, dunha forma xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.11.1. Usa, dunha forma xeral, unha linguaxe non sexista. LGB1.11.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.13. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.13.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (web infantís, libros, carteis). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade ▪ LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade. ▪ LGB2.1.4. Interpreta, personificacións, hipérbolos e ironías evidentes, en textos de dificultade adecuada á súa idade. ▪ LGB2.1.5. Identifica a estrutura xeral dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión (repeticións, sinónimos, anáforas pronominais sinxelas).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas,

	<p>normas de convivencia, avisos, instrucciones...</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.2.2. Redacta textos sinxelos xornalísticos (noticias) e publicitarios (anuncios e carteis). ▪ LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descriptivos) seguindo un guiión establecido. ▪ LGB3.2.5. Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información. 	<p>LGB3.3.1. Elabora por escrito textos moi sinxelos do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.</p>

MATEMÁTICAS	
Criterios de Evaluación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB1.2.1. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas:revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resulta-

	dos, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB1.4.1. Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB1.5.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as centésimas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.4.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situación cotiás.

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.4.5. Emprega a calculadora aplicando as regras do seu funcionamento para investigar e resolver problema
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea. ▪ B4.1. Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo. ▪ B4.3. Coñecer as características e aplicarlas para clasificar: poliedros, prismas, pirámides, corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB4.3.2. Recoñece e identifica poliedros, prismas, pirámides e os seus elementos básicos: vértices, caras e arestas. ▪ MTB4.3.3. Recoñece e identifica corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:
CURSO:
MATERIA:
DEPARTAMENTO:DATA
:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade. (CL) (1)
<ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis importante do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual. (CL) (1)
<ul style="list-style-type: none"> • B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. (CL) (CAA)
<p>B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran unintercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás. (CL) (1)
<p>B2.3. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. (CL) (CSC) (1)
<ul style="list-style-type: none"> • B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario. 	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB2.8. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas. (CL) (1)
<p>B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado. (CD) (1)
<p>B4.8. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar ac-</p>	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB4.8. Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos. (CD) (1)

tividades preelaboradas polo persoal docente.	
B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. (CL) (1)
B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB5.12. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. (CL) (1)

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Observación diaria (seguimento do alumnado), tarefas escritas tanto para o alumnado cunha media de aprobado nas dúas primeiras avaliacións coma para aqueles que non. Si presentan tarefas durante este 3º trimestre a súa calificación sería de aprobado. Contacto habitual co alumnado.</p> <p>Instrumentos: Aula virtual, correo electrónico, video-conferencias (webex). Whatsapp. Rúbricas.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: As notas da 1ª e a 2ª avaliación serán as que teñen máis peso na nota final. Calcularase a nota media da primeira e da segunda avaliación e para valorar o traballo realizado terase en conta a partires do 15 de maio e farémolo da seguinte forma. Se o traballo realizado é a metade ou máis da metade (50% ou máis) do proposto polo equipo docente a nota súbese á seguinte unidade e no caso de ser menor da metade (menos do 50%) a nota redóndease a esa unidade</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Os mencionados no primeiro apartado, par o alumnado que non teña aprobado de media nas dúas primeiras avaliacións mandarei material extra de reforzo para recuperar a materia.</p> <p>Criterios de cualificación: O alumnado que teña unha nota media inferior a cinco se a nota da segunda é 5 ou máis terase en conta a nota da segunda e sobre esta aplicarase o criterio anterior.</p>

Se a nota da primeira é superior a cinco e segunda inferior calcularase a media e sobre esta aplícase o traballo realizado a partires do **15 de maio** .

Para o resto do alumnado con materias non superadas no 1º e no 2º trimestre estableceranse plans de recuperación específicos que serán valorados de forma individualizada atendendo ás características de cada caso.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

Observación habitual, tarefas e material de reforzo ou ampliación.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

PÁXINA 3 DE 5

CENTRO:
CURSO:
MATERIA:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

Tarefas de reforzo e repaso dos contidos da 1º e 2º avaliación, estas tarefas poden ser desempeñadas polo alumnado de maneira autónoma, xa que foron previamente traballadas na aula.

**Metodoloxía
(alumnado con
conectividade e sen
conectividade)**

O alumnado con conectividade accede á aula virtual e/ou ó correo electrónico.
Aqueles /as sin conectividade reciben as tarefas ou ben recollendo o material no centro ou a través do correo ordinario.

Materiais e recursos

Tarefas ou ficheiros que se adxuntan na aula virtual: Fichas de repaso/reforzo, encrucillados,xogos, sudokus...

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

PÁXINA 4 DE 5

CENTRO: Ceip Apóstolo Santiago CURSO:4º E.P
MATERIA:Lingua estranxeira (Inglés)

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado: Atención diaria ó alumnado respostando na aula virtual, ós correos electrónicos e facendo video-conferencias.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro: Publicación semanal de tarefas na aula virtual e mandando as tarefas ós titores para aquel alumnado sin conectividade.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

PÁXINA 5 DE 5

CENTRO: Ceip Apóstolo Santiago CURSO:4º E.P.
MATERIA:Lingua estranxeira (Inglés)

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

EDUCACIÓN FÍSICA

CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP Apóstolo Santiago

CURSO: 4º de primaria

MATERIA: Educación Física

DATA: 05 / 05 / 2020

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

4º CURSO**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>B1.2. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área</p>	<p>EFB1.2.1 - Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.</p>
<p>B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>	<p>EFB3.1.1 - Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.</p> <p>EFB3.1.2 - Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas sen perder o equilibrio e a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.</p> <p>EFB3.1.3 - Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas aplicando os xestos e utilizando os segmentos dominantes</p> <p>EFB3.1.4 - Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos sen perder o equilibrio e a continuidade, tendo en conta dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.</p> <p>EFB3.1.5 - Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies</p>

	EFB3.1.6 - Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais con certo nivel de incertezas.
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	EFB4.1.1 - Representa personaxes, situacións, ideas e sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos.
	EFB4.1.2 - Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	EFB5.1.5 - Realiza os quecementos de forma autónoma.
